

Vive o verán 2022

CATIVADAS DE VERÁN NOS CENTROS SOCIOCULTURAI S URBANOS

Información xeral

Programa de tempo libre nos centros socioculturais de **José Saramago de Vite, Santa Marta, Pontepedriña e A Trisca**

Datas: 1,4,5,6,7,8,11,12,13,14,15,18,19,20,21,22,26,27,28 e 29 de xullo en horario de 10 a 14 h, con posibilidade de horario de acollida desde as 8 ata as 15 h
CSC da Trisca en horario de 16.30 a 21 con horario de acollida de 16 a 21.30h

Calendario de presentación de solicitudes e matrícula: **Preinscricións:** Do 5 ao 20 de maio nos centros socioculturais, en horario de 10 a 14 h e 17 a 21 h ou enviando a ficha de preinscrición cuberta ao correo electrónico viveoveran@santiagodecompostela.gal.
Podes descargar a ficha de preinscrición en www.santiagodecompostela.gal

Publicación de listas de admitidos a sorteo (estarán expostas nos propios csc e na web municipal): martes 31 de maio

Publicación listas de admitidos e reservas: a partir do martes 7 de xuño nos taboleiros informativos dos centros socioculturais nos que se fai o programa e en www.santiagodecompostela.gal

Formalización do pagamento: do 7 ao 21 de xuño. O pagamento requirirá do acceso á sede electrónica do Concello para descargar a folla de liquidación e realizar o pago (ou ben directamente na sede electrónica ou ben achegándose coa folla á entidade bancaria que se indique)

Destinatarios: **Público infantil de familias empadroadas no Concello de Santiago.**
CSC José Saramago de Vite, de 5 a 12 anos cumpridos no momento de desenvolverse a actividade.
CSC Pontepedriña, nenos/as de 6 a 12 anos cumpridos no momento de desenvolverse a actividade.
CSC de Santa Marta, nenos/s de 4 a 8 anos cumpridos no momento de desenvolverse a actividade.
CSC A Trisca, nenos/as de 4 a 8 anos cumpridos no momento de desenvolverse a actividade

Prezo xeral 80 €/mes completo e 40 €/quincena

Desconto 20% 2º fillo 64 €/mes completo e 32 €/quincena

Desconto 50% Familia 40 €/mes completo e 20 €/quincena

numerosa/monoparental Pai/Nai/Titores (ambos) desempregados exentos

Lugares onde se desenvolverá a actividade e nº de prazas CSC José Saramago de Vite [30 prazas]
CSC da Pontepedriña [20 prazas]
CSC de Sta Marta [40 prazas]
CSC da Trisca(12 prazas)]

Nº de prazas : 102 prazas

Adxudicación de praza: no caso de haber máis solicitudes que prazas dispoñibles nos distintos centros, resolverase mediante sorteo automático o día **xoves 2 de xuño** no CSC de Santa Marta.

O número mínimo requirido de participantes para iniciar a actividade será o 60% das prazas ofertadas en cada centro.

Obxectivo e descrición da actividade:

Ofrecer nas mañás do mes de xullo (no caso do CSC A Trisca, pola tarde) nos centros socioculturais, actividades de tempo libre, das que poidan gozar os rapaces dos barrios, que faciliten tamén ás familias Composteláns a organización dos tempos vacacionais, a través dunha oferta variada de actividades lúdico-educativas desenvolvidas no seo de catro centros socioculturais da cidade para os tramos de idade indicados. O proxecto desenvolverase de luns a venres durante o mes de xullo, programándose actividades de lecer e educativas, nun ambiente alegre e relaxado no que todos/as os/as participantes se sintan parte do grupo e se promovan tamén valores de igualdade, a solidariedade, recoñecemento da cidade e dos valores cívicos.

Actividades plásticas, expresión artística, teatro e expresión corporal, xogos populares, xogos de pistas, obradoiros, deporte..., animarán toda a mañá dos/as participantes acompañados por monitores especializados.

Como participar e presentar as solicitudes?

Cubrindo o ANEXO I ficha de preinscrición e achegándoa dentro do prazo aos centros socioculturais en horario de 10 a 14 h e de 17 a 20 h, ou enviándoa cuberta ao correo electrónico viveoveran@santiagodecompostela.gal

No momento de comunicación da adxudicación da praza deberán presentar a seguinte documentación:

1. Unha foto do neno/a
2. Fotocopia do DNI do neno/a (opcional) ou fotocopia do libro de familia
3. Xustificante de familia numerosa
4. Fotocopia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social ou aseguradora privada
5. Xustificación de demandantes de emprego de ambos pais/titores se solicitan a exención.
6. Informe de servizos sociais en caso necesario

Onde se poden recoller follas de autorización e preinscrición?

CSC JOSÉ SARAMAGO DE VITE

981 542 490
Rúa de Carlos Maside 7

CSC AS FONTIÑAS

981 528 750
Rúa de Berlín 13

CSC AURELIO AGUIRRE DE CONXO

981 528 740
Praza de Aurelio Aguirre 1

CSC AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

981 542 459
Rúa da Virxe de Fátima 1

CSC O ENSANCHE

981 543 001
Rúa Frei Rosendo Salvado 14-16

CSC SANTA MARTA

981 543017
Rúa Antonio Rama Seoane 6

CSC DO ROMAÑO

981 543 05
Rúa Travesía de Vista Alegre 46

E en calquera centro e local sociocultural da rede e descargándoa na web municipal ou nos QR dos folletos publicitarios.

NORMAS, CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E PAGAMENTO

1. Requisito imprescindible o **empadroadado da familia no Concello de Santiago**.
2. Cubrirase inicialmente unha folla de preinscrición que permitirá valorar o número de nenos/as interesados/as.
3. En caso de superar o número máximo de prazas procederase a un sorteo, no que sairá un número da lista de preinscritos (a partir do cal quedarán todos admitidos). Publicarase a lista de admitidos a partir do 7 de xuño nos taboleiros informativos dos centros socioculturais nos que se fai o programa, en www.santiagodecompostela.gal
4. Unha vez confirmada a praza, procederase ao pagamento do prezo obtendo a folla de liquidación a través da sede electrónica do Concello, podendo facer o pagamento directamente aí ou achegándose coa folla ao banco.
5. E obriga da persoa adxudicataria da praza respectar as normas establecidas pola organización con respecto ós horarios, ás actividades e o uso das instalacións.
6. Se por algún motivo o/a neno/a non pode asistir nalgunha das xornadas, debe avisar no centro.
7. O número mínimo de participantes para iniciar a actividade será do 60% das prazas ofertadas en cada centro.